UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 | |
| Asignatura (*) | Contabilidade Financeira I | | Código | 650G01013 | |
| Titulación | | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Empresa | | | | |
| Coordinación | Fernández Rodríguez, María Teresa | Correo electrónico | m.fernandezr@udc.es | | |
| Profesorado | Fernández Rodríguez, María Teresa<br>González García, Isaías | Correo electrónico | m.fernandezr@udc.es<br>isaias.gonzalezg@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Introducir ao alumno nos conceptos básicos necesarios nos procesos de elaboración e comunicación da información contable | | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer o método contable e o seu output: os estados financeiros | A1<br>A2<br>A3<br>A7<br>A9<br>A10<br>A23 | | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C7<br>C8 |
| Rexistrar contablemente, presentar e interpretar calquera transacción económica básica. | A12<br>A14 | B2<br>B3<br>B7<br>B11<br>B12<br>B13 | |
| Capacidade para aprender de xeito autónomo, buscando a solución a novos problemas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos. | | B1<br>B5<br>B6<br>B8<br>B9<br>B10 | |
| Capacidade para traballar en equipo de maneira consultiva. | | B4<br>B14 | C2<br>C6 |
| Habilidade para presentar, discutir e defender puntos de vista diferentes. | | B4<br>B6 | |
| Ter un comportamento ético nos negocios. | | | C4<br>C5 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Primeira parte: Fundamentos básicos da contabilidade | Fundamentos básicos da contabilidade |
| Tema 1: Introdución á contabilidade. | 1.1. Actividade económica e necesidade de información.<br>1.2. Concepto de contabilidade.<br>1.3. Divisións da contabilidade. |
| Tema 2: A información financeira. | 2.1. Usos e usuarios da información financeira.<br>2.2. Características básicas da información financeira.<br>2.3. Normativa para a elaboración da información financeira. |
| Tema 3: O balance de situación. | 3.1. O patrimonio da empresa.<br>3.2. Principio de dualidade.<br>3.3. Elementos patrimoniais: activos, pasivos e neto. |
| Tema 4: A conta de resultados e o estado de fluxos de efectivo. | 4.1. Criterio do devengo.<br>4.2. Resultado do período: ingresos e gastos.<br>4.3. Fluxo de efectivo: cobros e pagos. |
| Tema 5: O método contable. | 5.1. Transaccións económicas e feitos contables.<br>5.2. A conta.<br>5.3. Tecnicismos das contas. |
| Tema 6: Rexistros contables. | 6.1. Anotacións no libro diario.<br>6.2. Traspaso do libro diario ó libro maior.<br>6.3. Balance de comprobación e estados financeiros. |
| Tema 7: O ciclo contable. | 7.1. Rexistro das operacións realizadas no período.<br>7.2. Axustes por aplicación do devengo.<br>7.3. Preparación de estados financeiros.<br>7.3. Peche de contas temporais. |
| Segunda parte: Introdución ao rexistro, presentación e interpretación de transaccións básicas. | Introdución ao rexistro, presentación e interpretación de transaccións básicas. |
| Tema 8: Transaccións de existencias comerciais. | 8.1. Compras de existencias.<br>8.2. Vendas de existencias.<br>8.3. Custe de produtos vendidos e existencias finais.<br>8.4. Perdas de valor de existencias. |
| Tema 9: Valoración das saídas de existencias. | 9.1. Seguimento individualizado.<br>9.2. Asuncións acerca do fluxo de custo: FIFO, LIFO, PMP.<br>9.3. Efecto da asunción do fluxo de custo sobre os estados financeiros. |
| Tema 10: Dereitos e obrigas derivados de operacións comerciais. | 10.1. Compra-venda de existencias realizada a crédito.<br>10.2. Gastos e ingresos pendentes de pago/cobro.<br>10.3. Gastos e ingresos pagados/cobrados por anticipado.<br>10.4. Perdas de valor de dereitos derivados de operacións comerciais. |
| Tema 11: Inmobilizado. | 11.1. Adquisicións de inmobilizado.<br>11.2. Perdas de valor de inmobilizado.<br>11.3. Vendas de inmobilizado. |
| Tema 12: Captación de recursos financeiros. | 12.1. Achegas dos accionistas.<br>12.2. Préstamos e outras débedas.<br>12.3. Remuneración de accionistas e prestamistas. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | A2 A3 A7 A9 A10 B1 B2 | 17 | 34 | 51 |
| Discusión dirixida | B12 B14 C1 C2 C4 C5 C6 | 7 | 21 | 28 |
| Obradoiro | A1 A12 A14 A23 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C3 C7 C8 | 15 | 39 | 54 |
| Proba de resposta múltiple | B10 B11 B13 | 1 | 2 | 3 |
| Proba obxectiva | B10 B11 B13 | 2 | 8 | 10 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Exposición feita polo profesor dos conceptos básicos necesarios para que os alumnos poidan buscar solución ós problemas contables tratados no programa. |
| Discusión dirixida | Preparación de forma autónoma dos temas e casos formulados polo profesor e participación na discusión dos mesmos na aula. |
| Obradoiro | Traballo individual e/ou en grupo, guiado polo profesor, para a resolución, presentación e discusión de exercicios e casos prácticos. |
| Proba de resposta múltiple | Durante o curso realizaranse diversas probas tipo test co obxectivo de comprobar os coñecementos adquiridos |
| Proba obxectiva | Exame final sobre aspectos teóricos e prácticos. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Obradoiro<br>Proba de resposta múltiple<br>Discusión dirixida | Os problemas contables propostos para a súa resolución na aula teñen por obxecto afianzar a comprensión dos conceptos e da técnica contable. Para isto, o alumno será guiado polo profesor de xeito que poda chegar á solución ou solucións dos problemas que se lle propoñen. Adicionalmente, por medio das titorías, o profesor guiará a preparación das cuestións propostas para discutir na aula e a resolución das tarefas deseñadas para realizar fora da aula. Por último, as titorías en grupo (4 horas ao longo do cuadrimestre) destinaranse a discutir casos prácticos que pola súa complexidade ou variedade de solucións posibles requiren un maior grado de atención personalizada, se realizarán de forma presencial repartidas en dous sesiones de 2 horas de duración |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Obradoiro | A1 A12 A14 A23 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C3 C7 C8 | Resolución de exercicios e casos prácticos individual y/o en grupo, tanto na aula coma fora dela, con apoio do profesor. | 20 |
| Proba de resposta múltiple | B10 B11 B13 | Durante o curso realizaranse dúas probas tipo test, cada unha delas valorada nun 10% da nota final. | 20 |
| Proba obxectiva | B10 B11 B13 | A fin de curso, no día e hora fixados polo centro, realizarase un exame dos contidos teóricos e prácticos da materia. | 40 |
| Discusión dirixida | B12 B14 C1 C2 C4 C5 C6 | Valorarase a actitude activa participativa do alumnado na aula e a preparación dos exercicios ou casos plantexados. Forma parte esencial da avaliación continua a discusión durante a clase do desenvolvemento dos traballos co equipo docente da materia, polo que é necesaria a asistencia a clase. | 20 |

## Observacións avaliación

A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumnado, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% da nota final, independentemente da cualificación acadada.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica de exención de asistencia: agás para o exame final, para o resto de actividades acordarase un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación ao comezo do cuadrimestre. Por este motivo, este alumnado deberán poñerse en contacto co profesorado da materia nos dez primeiros días do cuadrimestre no que se imparte. As actividades terán o mesmo formato que para o alumnado a tempo completoC) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

Primeira oportunidade: Aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente sinalados neste apartado.

Segunda oportunidade: Os criterios de avaliación son os mesmos que na primeira oportunidade.

Oportunidade adiantada: Avaliarase mediante unha proba mixta que suporá o 100% da nota final.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DA AVALIACIÓN:

Con carácter xeral, sen perxuízo do sinalado para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica da exención de asistencia, é necesaria a asistencia a clase para optar á parte da nota correspondente á avaliación continua, tanto de primeira como de segunda oportunidade. Rematado o período de avaliación correspondente á primeira oportunidade, ao alumnado que aínda teña que superar a materia poderáselle propoñer actividades que lle permitan recuperar a parte da cualificación correspondente á avaliación continua para a segunda oportunidade, o que deberá solicitar ao profesorado da materia cunha antelación mínima de dez días á data do exame de segunda oportunidade.

Os criterios de cualificación de cada unha das probas anunciaranse no momento da realización da proba e achegaranse co enunciado da mesma.

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Arquero Montaño, J. L., Jiménez Cardoso, S.M. y Ruiz Albert, I. (2015). Introducción a la Contabilidad Financiera. Pirámide<br>- Larrán Jorge, Manuel (Coord.) (2009). Fundamentos de Contabilidad Financiera. Pirámide<br>- Muñoz Merchante, Angel (2014). Introducción a la Contabilidad Financiera. Ediciones Académicas<br>- Rivero Romero, J., Rivero Menéndez, M. R. y Rivero Menéndez, M.J. (2008). Contabilidad Financiera. Edisofer<br>- Rivero Romero, J., Rivero Menéndez, M. R. y Rivero Menéndez, M.J. (2010). Supuestos de Contabilidad Financiera. Edisofer<br>- Solá Tey, Magda y Vilardell Riera, Inmaculada (2009). Introducción a la Contabilidad General. McGraw Hill<br><br> |
| **Bibliografía complementaria** | - Camacho Miñano, M. M. y Rivero Menéndez, M.J. (2010). Introducción a la Contabilidad Financiera. Pearson<br>- Horngren, C. T.;Harrison, W.T. y Bamber, S.L. (2003). Contabilidad. Pearson<br>- Muñoz Jiménez, José (Coord.) (2008). Contabilidad Financiera.   Pearson<br>- Phillips, F., Libby, P.A. (2006). Fundamentals of Financial Accounting. McGraw Hill<br>- Sutton, Tim (2004). Corporate Financial Accounting and Reporting. Prentice Hall<br><br> |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise das Operacións Financeiras/650G01014

### Materias que continúan o temario

Contabilidade Financeira II/650G01017

### Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías